



## A Semana do Cinema Galego programa 'Live is Life' e 'O corpo aberto' este sábado 18 no Teatro Colón

**A Coruña, 17 de marzo do 2023.-** A cuarta edición da Semana do Cinema Galego, unha das citas audiovisuais da tempada máis senlleiras, proxecta este sábado as películas *Live is Life* e *O corpo aberto*. O acceso á ambas as dúas películas será de balde, con entrada libre, por orde de chegada, ata completar o aforo.

A sesión do **sábado 18** estará composta por un programa dobre de longametraxes de ficción con estilos moi diferentes. De primeiro, ás 19.30 h, a cita é coa comedia *Live is Life* dirixida por **Dani de la Torre** e producida por 4 Cats Pictures, Atresmedia Cine e Frida Films. O elenco deste filme coral está integrado por Adrián Baena, Juan del Pozo, Raúl del Pozo, David Rodríguez, Javier Casellas, Toni Garrido e Marc Martínez, entre outros.

Un chisco máis tarde, ás 22.00 h, será o filme gótico *O corpo aberto* de **Ángeles Huerta** quen tome a pantalla do Colón, con **Tamar Novas** e **María Vázquez** como protagonistas. O público coruñés vai ter a oportunidade de gozar novamente en pantalla grande da gran triunfadora da última edición dos Mestre Mateo, que está producida por OlloVivo Producións, Fasten Films e Cinemate. *O corpo aberto* alzouse con doce galardóns dos dezaseis aos que optaba, entre eles os das categorías de longametraxe, dirección e guión así como as de mellor interpretación masculina protagonista e de reparto para Tamar Novas e Federico Pérez, respectivamente. Na presentación d'*O corpo aberto* participarán a directora Ángeles Huerta, a responsable da montaxe, Sandra Sánchez, e mais o produtor Gaspar Broullón, nun coloquio guiado polo xornalista especializado Javier Trigales

O equipo d'*O corpo aberto* posará para os medios mañá sábado, ás 18.30 h, no Palco da Música dos Xardíns de Méndez Núñez, e, a continuación, ás 19.00 h, no interior do Teatro Colón. A actividade comezará ás 19.30 h.

### **Live is Life** de Dani de la Torre

Verán de 1985. Como cada ano, Rodri deixa Cataluña e volve á aldea galega dos seus pais para se reencontrar cos amigos. Mais este ano é distinto para eles. Os problemas do mundo real comezan aparecer nas súas vidas ameazando con separalos.

Aferrándose á amizade que os une, os cinco amigos planean escapar a noite de San Xoán na busca dunha flor máxica que, segundo conta a lenda, medra no alto dunha montaña e pode facer os desexos realidade.



### ***O corpo aberto*** de Ángeles Huerta

1909. Miguel, un mestre novo, é destinado a unha pequena vila de montaña na fronteira entre España e Portugal: Lobosandaus, unha aldea inhóspita e de tradicións ancestrais. É un home de razón, pero non pode controlar os seus desexos pasionais e, conforme se achega o inverno, sente como a escuridade se apodera de todo ao seu redor á vez que crece a súa fascinación pola enigmática Dorinda.

Nun lugar dominado pola superstición, a estraña morte dun veciño da aldea libera un espírito en busca dun corpo que lle permita seguir coa súa existencia, o que levará a Miguel a cuestionar os límites entre o mundo dos vivos e o dos mortos.

### **CONTACTO DE PRENSA IV SEMANA DO CINEMA GALEGO**

*The Office Comunicación*

Bea Pérez e Luisa Castiñeira

604 070 409 - 620 113 155

[prensa@theofficeco.es](mailto:prensa@theofficeco.es)

### **KIT DE PRENSA IV SEMANA DO CINEMA GALEGO**

[cutt.ly/SCG2023](https://cutt.ly/SCG2023)

### **CONTACTO DE PRENSA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL (AGA)**

Miriam Rodríguez

[prensa@academiagalegadoaudiovisual.gal](mailto:prensa@academiagalegadoaudiovisual.gal)

[www.semanadocinemagalego.gal](http://www.semanadocinemagalego.gal)

#SCG2023

## **CONVOCATORIA PHOTOCALL MEDIOS GRÁFICOS**

Acto: Encontro co equipo de '*O corpo aberto*'

Data: Sábado 18 de marzo

**Photocall exterior: Quiosco da Música dos Xardíns de Méndez Núñez, ás 18.30 h**

**PUNTO DE ENCONTRO:** Teatro Colón, acceso lateral dereito,  
ao carón dos Xardíns de Méndez Nuñez

**Photocall interior: Teatro Colón, ás 19.00 h**